2	Uso correcto das ferramentas básicas e da plancha	Identifica as ferramentas fundamentais da cociña dun bar, analizar para que serve cada unha e practicar o seu uso básico. Realízase unha demostración sinxela na plancha e explícanse as técnicas de envasado e conservación máis habituais nas elaboracións rápidas.	18

Criterios de avaliación

RA4 - Prepara e presenta elaboracións sinxelas de comidas rápidas, identificando e aplicando as técnicas culinarias básicas

CA4.5 - Verifícase a dispoñibilidade de todos os elementos necesarios previos ao desenvolvemento das tarefas

CA4.6 - Realizáronse os procedementos de obtención de elaboracións sinxelas de cociña en tempo e forma, atendendo ás normas establecidas

CA4.7 - Desenvolvéronse os procesos intermedios de conservación tendo en conta as necesidades das elaboracións e o seu uso posterior

Contidos

BC4 - Preparación e presentación de elaboracións sinxelas de comidas rápidas

C4.3 - Organización e secuencia das fases e das normas básicas nas elaboracións.

C4.4 - Aplicación de cada técnica a materias primas de diferentes características.

C4.5 - Procedementos de execución das preparacións: canapés e outros aperitivos sinxelos, bocadillos, sándwiches, ensaladas e pratos combinados.

C4.6 - Métodos de envasamento e conservación das elaboracións culinarias que o precisen.

Obxectivos específicos

Identificar e saber utilizar as ferramentas máis empregadas na cociña do bar, como a plancha, ademais dos métodos de envasado e conservación das distintas elaboracións culinarias.

Resultados ou produtos

Fichas técnicas

Recursos específicos

Aula taller
Materias primas
Material de cafetería

	Actividade	Descrición	Duración
3	Interpretación de documentación básica de cociña	Revisar os documentos habituais dunha cociña de bar: receitas, fichas técnicas, escandallos e rexistros básicos e aprender a identificalos, comprendelos e empregalos correctamente na preparación das elaboracións sinxelas.	6

Criterios de avaliación

RA4 - Prepara e presenta elaboracións sinxelas de comidas rápidas, identificando e aplicando as técnicas culinarias básicas

CA4.4 - Interpretouse correctamente a documentación anexa ás operacións de produción culinaria

CA4.8 - Determináronse as posibles medidas de corrección en función dos resultados obtidos

CA4.9 - Realizáronse todas as operacións tendo en conta a normativa hixiénico-sanitaria

Contidos**BC4 - Preparación e presentación de elaboración sinxelas de comidas rápidas**

C4.1 - Documentos relacionados coa produción en cociña (receitas, fichas técnicas, etc.): descrición e interpretación da información contida.

C4.7 - Lexislación hixiénico-sanitaria.

Obxectivos específicos

Comprender e saber interpretar os documentos máis utilizados na cociña.

Resultados ou produtos

Esquemas e apuntes persoais

Recursos específicos

Receitas
Fichas técnicas
Escandallos

UD	Título da UD	Duración
5	Realización do servizo de alimentos e bebidas no bar	30

	Actividade	Descrición	Duración
1	Puntos clave e normas do servizo no bar	Analizar os aspectos principais do servizo no bar, incluíndo as normas xerais e as boas prácticas de atención ao cliente.	6

Critérios de avaliación
RA5 - Asiste ou realiza o servizo de alimentos e bebidas en barra, identificando e aplicando as técnicas de organización e servizo desta área de consumo

CA5.1 - Describíronse e caracterizáronse as técnicas de servizo máis comúns e significativas

CA5.2 - Interpretáronse correctamente os documentos asociados, así como as instrucións recibidas e as normas establecidas

CA5.3 - Identificáronse e seleccionáronse os equipamentos, os utensilios e o enxoval necesarios e acordos para o desenvolvemento posterior da asistencia ou realización das operacións de servizo

Contidos
BC5 - Asistencia ou realización no servizo de alimentos e bebidas en barra

C5.1 - Servizo en barra: definición, tipos e caracterización.

C5.2 - Normas xerais do servizo en barra e técnicas básicas de atención á clientela: fases e modos de operar e actuar.

Obxectivos específicos

Entender os puntos clave que ten o desenvolvemento do servizo do bar e a valoración dos seus resultados, e coñecer as normas xerais do servizo en bar e as normas básicas de atención ao cliente.

Resultados ou produtos

Esquemas e apuntes persoais

Recursos específicos

Pizarra electrónica

	Actividade	Descrición	Duración
2	Servizo eficiente e responsable de alimentos e bebidas	Practicar as tarefas de servizo respectando a orde, a eficiencia e as normas de conduta profesional.	14

Critérios de avaliación
RA5 - Asiste ou realiza o servizo de alimentos e bebidas en barra, identificando e aplicando as técnicas de organización e servizo desta área de consumo

CA5.5 - Asistiuse ou realizáronse as técnicas de servizo, segundo instrucións recibidas e/ou normas establecidas

CA5.6 - Mantívose o lugar de traballo limpo e ordenado durante o desenvolvemento de todas as operacións de servizo

CA5.7 - Valorouse a necesidade de atender á clientela con cortesía e eficacia, potenciando a boa imaxe da entidade que presta o servizo

Contidos

BC5 - Asistencia ou realización no servizo de alimentos e bebidas en barra

C5.4 - Procedementos de execución de operacións básicas de servizo e atención á clientela en barra.

Obxectivos específicos

Efectuar operacións de servizo dunha maneira eficiente e cun modo de actuar responsable.

Resultados ou produtos

Servizo de alimentos e bebidas

Recursos específicos

Aula taller
Materias primas
Material de cafetería

	Actividade	Descrición	Duración
3	Documentación e procesos básicos do servizo no bar	Aplicar e xestionar os documentos do servizo (comandas, rexistros, fichas) e realizar correctamente todas as operacións básicas do servizo, mantendo unha atención adecuada ao cliente.	5

Criterios de avaliación

RA5 - Asiste ou realiza o servizo de alimentos e bebidas en barra, identificando e aplicando as técnicas de organización e servizo desta área de consumo

CA5.4 - Aplicáronse as operacións de preservizo adecuadas ao desenvolvemento posterior dos servizos, tendo en conta as instrucións recibidas e/ou normas establecidas

CA5.8 - Determináronse as posibles medidas de corrección en función dos resultados obtidos

Contidos

BC5 - Asistencia ou realización no servizo de alimentos e bebidas en barra

C5.3 - Documentos que interveñen nos procesos de servizo en barra: identificación, características e interpretación.

Obxectivos específicos

Desarrollar e realizar os documentos fundamentais que intervén nos procesos de servizo do bar e entender e dominar todos os procesos e operacións básicas do servizo no bar, así como unha atención ao cliente correcta.

Resultados ou produtos

Documentos e check list de tarefas

Recursos específicos

Aula taller
Comandas
Pizarra electrónica

	Actividade	Descrición	Duración
4	Competencias e habilidades do profesional do bar	Analizar e poñer en práctica as competencias persoais e profesionais necesarias para desempeñar correctamente o traballo no bar, incluíndo actitudes, habilidades e formas de actuación.	5

Criterios de avaliación

RA5 - Asiste ou realiza o servizo de alimentos e bebidas en barra, identificando e aplicando as técnicas de organización e servizo desta área de consumo

CA5.9 - Realizáronse todas as operacións tendo en conta a normativa de prevención de riscos laborais

Contidos

BC5 - Asistencia ou realización no servizo de alimentos e bebidas en barra

C5.5 - Normativa de prevención de riscos laborais.

Obxectivos específicos

Coñecer as características, as destrezas, as habilidades e as formas que debe ter un profesional.

Resultados ou produtos

Esquemas e apuntes persoais

Recursos específicos

Manual de boas prácticas
Pizarra electrónica

UD	Título da UD	Duración
6	Prácticas na empresa.	1

	Actividade	Descrición	Duración
1	Prácticas en centros de traballo	Ao longo da estancia na empresa, o alumnado aplica os coñecementos adquiridos no centro educativo, participa nas actividades propias da actividade hostaleira e integra procedementos, actitudes e habilidades profesionais necesarias para o exercicio do posto de traballo	1

Criterios de avaliación

RA2 - Prepara equipamentos, utensilios e enxoval propios de área de bar-cafetaría, recoñecendo e relacionando as súas aplicacións básicas e/ou o seu funcionamento

CA2.3 - Efectuáronse as operacións de posta en marcha de equipamentos, verificando a súa adecuación e a dispoñibilidade para usos posteriores, seguindo normas establecidas e instrucións recibidas

RA3 - Prepara e presenta elaboracións sinxelas de bebidas, identificando e aplicando técnicas elementais de preparación en tempo e forma, de acordo con instrucións recibidas e normas establecidas

CA3.6 - Executáronse as técnicas de preparación e presentación de bebidas sinxelas en tempo e forma, seguindo os procedementos establecidos

RA5 - Asiste ou realiza o servizo de alimentos e bebidas en barra, identificando e aplicando as técnicas de organización e servizo desta área de consumo

CA5.5 - Asistiuse ou realizáronse as técnicas de servizo, segundo instrucións recibidas e/ou normas establecidas

Contidos

BC2 - Preparación de equipamentos, utensilios e enxoval propios da área de bar

C2.2 - Procedementos de uso, aplicacións, distribución e mantemento.

BC3 - Preparación e presentación de elaboracións sinxelas de bebidas

C3.3 - Bebidas non alcohólicas: identificación, clasificación, características e tipos. Organización e secuencia das fases e as normas básicas de preparación e presentación. Procedementos de execución e aplicación de técnicas nas preparacións. Métodos de conservación das bebidas que o precisen. Fases e puntos clave nas elaboracións. Control e valoración de resultados.

BC5 - Asistencia ou realización no servizo de alimentos e bebidas en barra

C5.4 - Procedementos de execución de operacións básicas de servizo e atención á clientela en barra.

Obxectivos específicos

Poñer en práctica todos os coñecementos e destrezas aprendidas no centro en situacións reais

Resultados ou produtos

Elaboración e servizo de alimentos e bebidas aos clientes do centro de prácticas

Recursos específicos

Os propios do centro de prácticas (equipos, maquinaria, utillaxe...)

5.1. Procedemento de avaliación inicial.

Tal e como se establece na lexislación vixente, Orde do 12 de xullo de 2011, no seu artigo 28: Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Para este módulo pasarase, previsiblemente, durante a primeira quincena do curso, un cuestionario de avaliación inicial (sobre coñecementos previos, experiencia laboral previa, intereses e motivacións do noso alumnado) que se complementará cos datos proporcionados polo/a titor/a e datos de información de matrícula (en coordinación co departamento de orientación).

Finalmente se observara a súa interacción dentro do grupo e durante as primeiras semanas de actividade do módulo, ao fin de identificar necesidades educativas ou de outra índole, que permitan acadar a competencia profesional.

6.1. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	20	20	20	20	5	100
Lista de cotexo	60	60	60	60	60	0	57
Outro	0	0	0	0	0	100	5
Proba escrita	40	40	40	40	40	0	38

Procedemento e criterios de cualificación:

Ao longo de todo o módulo levarase a cabo un proceso de avaliación continua e integral do alumno que proporcionará información sobre a marcha da aprendizaxe, este seguimento farase diariamente tanto de xeito individualizado como nas relacións interpersoais e traballo en grupo segundo os criterios de avaliación contidos nas distintas unidades didácticas, tendo en conta os seguintes criterios:

Realizaremos (para os contidos conceptuais fundamentalmente) probas escritas e/ou orais que, en función da materia a avaliar poderán ser de diverso tipo test, preguntas breves, preguntas de desenvolvemento... e todos aqueles aspectos conceptuais recollidos nos criterios de avaliación do módulo. No caso de ter varias probas será a media aritmética das notas oblidadas a que nos dará a cualificación final neste apartado. Suporán un 40% da cualificación final do módulo.

As actividades, traballos, casos prácticos e exercicios individuais e/ou en grupo serviránnos para avaliar procedementos, Traballos individuais e grupais nos que se valora a estrutura e dominio de contidos, dinámica de traballo, exposición (se é o caso) e utilización de recursos, habilidades e destrezas, e todos aqueles aspectos procedementais recollidos nos criterios de avaliación do módulo. Suporán un 60% da cualificación do módulo.

Terase en conta a puntualidade, à asistencia ás clases, unha actitude de respecto tanto de cara ao profesorado coma

os compañeiros/as, receptividade, así como a iniciativa, o interese, a presentación axeitada dos distintos materiais solicitados, a participación e o traballo en equipo dos alumnos/as.

No que respecta ao redondeo das cualificacións, cando a cifra decimal sea igual ou superior a 0,5 procederase a redondear á alza, mentres que cando sexa inferior a 0,5 redondearase á baixa. Así, por exemplo, unha cualificación de 8,5 corresponderá a un 9, mentres que unha de 8,4 corresponderá a un 8.

A avaliación na empresa se atenderá ó especificado na Resolución 1 xullo de 2025 polo que se dictan instrucións sobre a ordenación e organización dos grados "D" para o curso 2025_2026

A nota final calcularase segundo a media ponderada dos pesos das distintas unidades. A cualificación de cada unidade didáctica será o resultado de aplicar a porcentaxe establecida, para cada un dos criterios de avaliación, aos instrumentos de avaliación empregados. Deste xeito, a cualificación das avaliacións parciais obtense de facer a media aritmética das UD impartidas dentro destas avaliacións. A cualificación da avaliación final será o resultado de aplicar a porcentaxe asignada a cada UD.

Destacar que haberá 2 avaliacións parciais e unha final na que se aplica a ponderación da cualificación obtida no centro e a cualificación obtida a partir da fase de formación en empresa.

Procedemento e criterios de recuperación

O alumno que non superase positivamente as probas de avaliación realizadas durante os trimestres do curso, antes da 2ª avaliación parcial ou durante a avaliación en empresa (farase unha convocatoria de probas teóricas ou prácticas nas horas de titoría e seguimento de formación en empresa quincenal ou ou despois da avaliación en empresa, na que o alumno terá unha nova oportunidade para recuperar o módulo). Considerácese superada a proba se se obtén 5 puntos.

Para a recuperación se programarán actividades e traballos personalizados coas instrucións e especificacións precisas para o seu desenvolvemento. De ser necesario, o centro educativo, en consenso coa empresa, establecerá no período de abril a xuño un calendario de actividades de reforzo e complemento da actividade formativa que o alumnado desenvolva ou estea a desenvolver nas instalacións da empresa. Estas actividades de reforzo serán realizadas no centro educativo ou ben a través da aula virtual.

Esta probas poderán consistir en:

- Proba escrita que consistirá nun cuestionario, con preguntas curtas e tipo test (PE: Terá un valor do 40% do cálculo da nota final)
- Proba práctica no aula-taller de cafetería.(Lista de Cotexo:Terá un valor do 60% do cálculo da nota final)

6.2. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado que non acade unha cualificación final igual ou superior a 5, deberá permanecer no centro educativo, no período en que o resto do grupo realiza as prácticas nas empresas, para recuperar técnicas ou coñecementos non adquiridos.

Durante este período o alumnado repetirá aquelas actividades que garantan a adquisición de coñecementos e habilidades que lles permitan realizar operacións de preparación e utilización dos materiais propios do bar; a preparación e servizo de elaboracións culinarias e bebidas sinxelas e a realización de operacións de recepción e almacenaxe de materias primas.

De ningunha forma posuirá avaliación positiva aquel alumnado que non asista ás actividades de recuperación no período estipulado para tal fin.

De tal maneira que se programarán probas que consistirán en:

- Proba teórica respondendo a un cuestionario que consistirá en preguntas cortas, preguntas de desenvolvemento, tipo test... (Terá un valor do 40% do cálculo da nota final)
- Proba práctica que consistirá na elaboración de distintos supostos prácticos relacionados con R.A do módulo. (Terá un valor do 60% do cálculo da nota final)

6.3. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua

O sistema extraordinario de avaliación para o alumnado que teña perda do dereito à avaliación continua consistirá nunhas novas probas antes da segunda avaliación parcial e, se fose o caso, antes da avaliación final ou durante a fase de prácticas na empresa, que consistirán en:

- Probas ou exercicios prácticos similares as realizadas ao longo do curso na que o alumno presentará en tempo e

forma a criterio do profesor. (Utilizarase como Instrumento de Avaliación Lista de Cotexo cunha porcentaxe de 60%)
- Nunha proba teórica conceptual de todo o módulo. (Utilizarase como Instrumento de Avaliación Proba escrita cunha porcentaxe de 40%)

Para aprobar o módulo é condición imprescindible obter como mínimo un 5, non existindo a posibilidade de gardar parte aprobada se fose o caso.

Sinalar que para o alumnado con perda do dereito à avaliación continua, terase en conta tal e como establece o artigo 25.3 da Orde do 12 de xullo de 2011: O número de faltas que implica a perda de dereito á avaliación continua nun determinado módulo será de 10% respecto da súa duración total. Para os efectos de determinación da perda do dereito à avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no correspondente regulamento de réxime interno do centro e que poderá seguir asistindo a clase con carácter presencial salvo en actividades que impliquen riscos tal e como establece a normativa vixente no seu artigo 25.4 O profesorado poderá non permitir a realización de determinadas actividades aos alumnos e ás alumnas que teñan perdido o dereito á avaliación continua, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmos, o resto do grupo ou as instalacións.

A este respecto e para informar ao alumnado o centro enviará un apercibimento ao alumno ou á alumna cando as faltas de asistencia nun determinado módulo superen o 6%(neste caso, son 9 faltas) respecto da súa duración total. Nel indicarse que perderá o dereito à avaliación continua no módulo se acumulase un 10% de non asistencias con respecto á súa duración total (cando se superen as 16 faltas de asistencia) Cando as faltas de asistencia alcancen a citada porcentaxe, comunicarse a perda do dereito à avaliación continua

A comunicación por escrito ou polo sistema ABALAR da situación de perda de avaliación continua levarase a cabo polo titor/a, unha vez superados os límites indicados no punto anterior.

7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.

O carácter continuo da avaliación debe permitir, a detección precoz das posibles dificultades na adquisición dos contidos por parte do alumnado e, en consecuencia, promover a identificación dos aspectos do proceso que provocan estas dificultades e a adopción das medidas oportunas. Cando a análise da marcha dun estudante determine dificultades para o seguimento, darase un apoio educativo personalizado determinando aqueles contidos nos que ten máis dificultades propondo traballos e actividades de reforzo que lle permitan acadar as capacidades terminais asociados aos contidos propostos nesta programación didáctica.

No caso en que non sexa posible garantir a consecución efectiva dos resultados de aprendizaxe, o equipo docente poderá propoñer a través do departamento de Orientación, a solicitude de flexibilidade horaria, tal e como establece a Orde do 12 de xullo de 2011 no seu artigo 15 De acordo co artigo 61 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, o alumnado con necesidades educativas especiais, consonte o establecido no artigo 73 da

Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, poderá ser autorizado, cando as necesidades de apoio específico así o xustifiquen, para cursar os ciclos formativos en réxime ordinario de xeito fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral.

De ser preciso establecerase un plan de reforzo personalizado, sensibilizándose cos puntos débiles, tanto dos contidos procedimentais, coma dos conceptuais para poder ser reforzados, a variedade de actividades irá en función das necesidades de formación e repaso dos alumnos/as que non acadaron os mínimos esixibles para unha avaliación positiva ó longo do curso.

Coordinarémonos, en todo momento, e seguiremos as directrices marcadas tanto polo departamento de orientación

8.1. Programación da educación en valores.

É importante sinalar que ao longo do módulo se traballará coa educación en valores non só a través do traballo con actitudes recollidas no currículo do módulo, senón a través de distintos contidos inherentes ao noso traballo de aula-taller-obradoiro, para este módulo podemos destacar:

- Educación para a igualdade: Estará sempre presente, xa que logo, en ningún momento se fará diferenza entre o noso alumnado por causa do seu sexo, raza, crenzas ou calquera outra característica de diferenciación entre as persoas.

- Educación ambiental: É fundamental fomentar o respecto ao medio ambiente e mesmo fomentar o correcto emprego dos medios de que se dispón sen desperdiciar papel, consumo de auga, electricidade, etc., insistir na reciclaxe e na conservación.

- Educación para a saúde: É importante adquirir bos hábitos posturais no traballo, así como uns adecuados hábitos de

saúde e limpeza ou unha adecuada hixiene ocular ou visual nun sistema educativo e laboral onde os ordenadores toman cada día un papel máis importante, sen esquecer que a nivel profesional (tendo en conta nas situacións en que exercerán o seu traballo) deben ter en conta a súa saúde persoal e a do usuario como elementos cotiás do seu emprego.

- Educación para a convivencia: Procurarase a resolución de conflitos fomentando o diálogo baseado no respecto, e, procurando atopar solucións de consenso de xeito democrático. Por exemplo: achegas de propostas ou ideas á hora de fixar condicións de entrega de traballos, datas de probas, etc.

- Educación do consumidor: Fomentando entre os alumnos un consumo responsable, tanto dos seus propios materiais como os do centro e o ciclo (aula, material informático, talleres,...)

- Interculturalidade: Traballando dende o principio de respecto as distintas culturas e xeitos de entender o mundo; entendendo isto como un enriquecemento; sinalar a este respecto, a cada vez máis frecuente presenza nas nosas aulas de alumnos de outras culturas que nos axudan a interpretar que non todas as realidades son iguais.

- Consideraremos tamén de xeito transversal e como valor importante na Formación Profesional a orientación profesional polo carácter teórico - práctico que posúe o módulo e o ciclo, impregnando de funcionalidade cada unha das actividades que realicemos e contextualizandoas, sempre que sexa posible, na nosa contorna socioeconómica.

- Un curso máis, realizaremos charlas específicas que se desenvolverán dentro do marco do Plan Director para a convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos e nos seus contornos, avalándonos no compromiso da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, con todo o que ten que ver coa construción dunha sociedade democrática, tolerante, solidaria, etc.

O Plan, impulsado desde Delegación do Goberno en Galicia e a Alta Inspección de Educación, ofrecerá a posibilidade de impartir charlas informativas/formativas sobre temáticas como: acoso escolar, drogas e alcol, violencia de xénero, novas tecnoloxías, bandas xuvenís, etc.; esta tipoloxía de charlas, serán impartidas por persoas expertas das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.

9.1. Actividades complementarias e extraescolares.

Actividades complementarias:

Dentro das actividades complementarias encádranse aquelas que se producen como resultado de eventos especiais que se poidan organizar no centro:

Semanas ou xornadas gastronómicas.

Presentación de produtos.

Presentación de equipos.

Conferencias e charlas especializadas.

Cursos monográficos.

E tamén outras dentro ou fóra do centro como resultado da colaboración do CFP de Vilamarín con outras institucións ou organismos en actos de carácter benéfico e/ou sen ánimo de lucro.

- Actividades extraescolares:

Visita a un restaurante ou hotel para coñecer a súa organización e funcionamento.

Visita a FPIInnova.

10.1. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.

A orde de avaliación no seu artigo 23.5 sinala que cada departamento de familia profesional realizará cunha frecuencia mínima mensual o seguimento das programacións de cada módulo, indicando grado de cumprimento e xustificación razoada no caso de desviacións, ademais a programación será revisada ao inicio de curso e se entregará unha memoria final de curso. Todo este seguimento da programación quedará reflectido na plataforma PROENS, tendo como base a información do Caderno do profesor.

Para o seguimento mensual utilizaráse o modelo MD.75.PRO.03 do procedemento de Programación PR.75.PRO.01 que se entregará a xefatura de departamento, xa que dito seguimento e revisión deberá constar nas correspondentes actas de departamento.

Para a memoria final utilizaremos o modelo proporcionado pola xefatura de estudos ao final de curso. MD.75.PRO.04 do procedemento de Programación PR.75.PRO.01

11.1. Outros apartados.

1. Outros documentos

Esta programación didáctica é un instrumento flexible (aberto a revisións e cambios) que debe adaptarse ás necesidades específicas dos alumnos e de tódolos elementos integradores que forman parte do proceso de ensinanza-aprendizaxe.